



BASES/INFORMACIÓN Microcamp BOIRO 2023

O concello de Boiro ofrece un servizo dirixido a nenas e nenos con idades comprendidas entre os 8 e 14 anos, co obxectivo de achegar a este grupo de idade actividades coa tecnoloxía que fomenten un bo uso das TIC, de un xeito lúdico, formativo e integrador.

1. Definición:

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos para a participación no MICROCAMP de Boiro 2023, así como informar sobre os trámites e pormenores do mesmo.

2. Descrición:

O desenvolvemento das diferentes actividades englobadas no MICROCAMP estarán baseadas en técnicas de participación activa, onde as e os rapazas e rapaces sexan os protagonistas do seu propio aprendizaxe. Fomentaranse valores como o autodescubrimiento, creatividade, solidariedade e terá un enfoque transversal de non discriminación, inclusión e igualdade. As actividades estarán enfocadas e adaptadas as diferentes idades das persoas participantes.

3. Obxectivos:

- Achegar as STEM aos máis cativos de un xeito lúdico.
- Facilitar o coñecemento de diferentes ferramentas tecnolóxicas.
- Promover o bo uso das TIC.

4. Lugar de realización, Calendario e Horario:

Lugar:

As actividades desenvolveranse no Centro Social de Boiro, podendo realizar algunha saída para algunha das actividades.

Calendario:

O Microcamp estará dividido en dous grupos.

- Primeiro grupo (Idades comprendidas entre 8,e 11 anos): Os días 12, 13, 14, 26, 27 e 28 de xullo.
- Segundo grupo (Idades comprendidas entre 12 e 14 anos): Os días 2, 3, 4, 9, 10 e 11 de agosto.

Horarios:

O horario será de 10h á 13h. **Pasado o tempo de recollida, se non acude a recoller ao menor e non se dispoñen de noticias ao respecto chamarase ao organismo público correspondente.* No caso de que a persoa encargada de recoller

CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n
15930 Boiro
Teléfono: 981 84 99 60



a crianza sexa outra distinta de pai/nai ou titora legal, será necesario cubrir e entregar asinado pola nai/pai ou titor legal o anexo II.

5. Número de prazas, custo, monitores

Número de prazas:

O total de prazas ofertadas serán 8 prazas para cada grupo de idade (8 no mes de xullo e 8 no mes de agosto).

No caso de que haxa máis participantes prescritos que prazas, priorizaranse os seguintes **CRITERIOS DE SELECCION:**

1. Estar empadroado en Boiro. Este criterio xustificárase coa autorización de consulta no padrón municipal.
2. Orde de entrada da solicitude. Queda certificada de forma automática co rexistro de entrada.

Non poderán participar nesta actividade, as persoas anotadas no campamento concilia verán 2023 do concello de Boiro.

Pola contra, se non se acada o grupo mínimo o/os campamentos poderán ser cancelados.

Custo:

Esta actividade será totalmente gratuíta.

Monitores:

Os monitores encargados da elaboración, coordinación e supervisión das actividades serán técnicos especialistas da propia administración local.

6. Inscripción e requisitos

Prazo de Inscripción:

O prazo serán 3 días naturais para anotarse do mércores 28 de xullo ao venres 30 de xullo.

A inscrición deberá realizarse telemáticamente na sede electrónica do Concello de Boiro ou presencialmente no rexistro.

Requisitos:

- Pode recoller os impresos no Centro social de Boiro (Telf. 981842635), no Centro social de Cabo de Cruz (Telf. 981847859) ou baixalos da web municipal boiro.gal



CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n
15930 Boiro
Teléfono: 981 84 99 60

- Unha vez cuberto os impresos, debe envialos, xunto coa documentación xustificativa, polo rexistro do concello de Boiro (ben en forma telemática ou presencial) a: A/A Departamento de Cultura.
- Unha vez rematado o prazo de admisión, procederase á publicación da lista provisional de admitidas/os na web municipal. No caso de reclamacións deberán ser transmitidas, vía rexistro, nos dous días seguintes a dita publicación. Pasado o período de reclamacións procederase á publicación da lista definitiva de admitidas/os.



ANEXO I: INSCRICIÓN

FICHA DE PRESCRICIÓN: MICROCAMP 2023

1.- Nome d@ participante:
 NIF: Data de Nacemento..... (..... Anos)
 Domicilio fiscal:
 Teléfonos: E-mail:.....

Nome d@s representantes legais

Nome:
 NIF:
 Domicilio fiscal:
 Teléfonos: : E-mail:.....

Outros teléfonos de interese:

Nome:
 NIF:
 Domicilio fiscal:
 Teléfonos: : E-mail:.....

Outros teléfonos de interese:

A participar a/o menor en todas as actividades e saídas que se realicen no MICROCAMP 2023

AUTORIZA **NON AUTORIZA**

Ao Concello de Boiro a facer as oportunas comprobacións do cumprimento dos requisitos establecidos para o acceso ao servizo (empadroamento no Concello de Boiro).

AUTORIZA **NON AUTORIZA**

Ó Concello de Boiro a captación e publicación de imaxes dos participantes en soportes informáticos (impreso e dixital) sempre e cando sexa con fins informativos, didácticos ou culturais.

AUTORIZA **NON AUTORIZA**

OBSERVACIÓNS:

E INFORMA:

Que @ nen@ **PADECE** **NON PADEDE** as seguintes alerxias, intolerancias alimenticias ou doenzas (físicas e/ou psicolóxicas) considerables de ter en conta

Asdo.

O/A representante legal



ANEXO II: AUTORIZACIÓN RECOLLIDA

AUTORIZACIÓNS RECOLLIDA DE PARTICIPANTES: MICROCAMP 2023

Eu, _____, con DNI: _____, nai/pai/titor legal de:
_____, con DNI _____

AUTORIZO Ó CONCELLO DE BOIRO e MONITORADO do MICROCAMP DE BOIRO 2023 a que entreguen, baixo a miña responsabilidade, ao meu fill@, a:

D/a.....NIF Nº (Nº 1)

D/a.....NIF Nº (Nº2)

D/a.....NIF Nº (Nº3)

D/a.....NIF Nº (Nº4)

unha vez finalizada a sesión do campamento.

Observacións (si se da o caso).....

CUBRIR SÓ EN CASO DE QUERER QUE OS/AS NENOS/AS SAIAN SÓS DO CAMPAMENTO

Eu, _____, con DNI: _____, nai/pai/titor legal de:
_____, con DNI _____ AUTORIZO Ó CONCELLO DE
BOIRO e MONITORADO do MICROCAMP 2023 a **que deixen saír** das dependencia, baixo a miña
responsabilidade, ao meu fill@, (pola súa conta) unha vez finalizada cada sesión do campamento e

DECLARO

Que o CONCELLO DE BOIRO e o MONITORADO **quedan exentos** de toda responsabilidade se acontecese algún dano @ nen@ unha vez que abandone os centros onde se realiza o campamentos ao remate de cada sesión.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente

O/A representante legal

CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n
15930 Boiro
Teléfono: 981 84 99 60



ANEXO III: ACEPTACIÓN NORMATIVA

NORMATIVA XERAL DO MICROCAMP 2023

A PARTICIPACIÓN no MICROCAMP Boiro 2023 implica a aceptación das seguintes cláusulas:

Aceptación de Horarios

Horario do campamento: De 10:00 a 13:00h

Entrada: 10:00 h

Recollida: ás 13:00 h

Fóra deste horario non estará permitido entrar no recinto, salvo causas de forza maior

Pasado o tempo de recollida, se non acude a recoller ao menor e non dispoñemos de noticias ao respecto, chamarase ao organismo público correspondente.

Obrigas:

- Bo comportamento (non se permitirá ningún tipo de comportamento violento ou que altere as dinámicas de traballo)
- Máximo respecto ao monitorado e compañeiros/as.
- A hixiene persoal e a orde son moi importantes e coidarase en beneficio de convivencia entre todos.
- Respectar o material e as instalacións.
- Deben seguir as directrices e normas do grupo de monitoraxe, independentemente da súa idade.
 - Ante algún conflito o pai/nai ou titor/a debe dirixirse ao monitor/a.

Tanto os/as participantes coma os seus representantes legais aceptan e asinan o cumprimento destas normas. No caso do seu incumprimento pode levar a expulsión do/a participante nestes servizos e sen dereito a devolución, procedendo ao chamamento da seguinte persoa da lista de reserva.

Asdo.

O/A representante legal

O/A interesada/o

Conforme ó disposto na Lei Orgánica 3/2018, os seus datos de carácter persoal, serán tratados de xeito confidencial e serán incorporados ós correspondentes ficheiros de titularidade do CONCELLO DEBOIRO que se atopan debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. En calquera momento, pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais, así como o de revogación do consentimento para calquera das finalidades antes sinaladas, comunicándoo por escrito e presentándoo no rexistro xeral do Concello.